



INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS NO CASTRO DE SAA-A PASTORIZA

Emilio Ramil

O castro de Saa é un asentamento fortificado da Idade de Ferro; é un castro monumental do concello da Pastoriza, localizándose no lugar de Saa, parroquia de Fiz (Baltar). A súa localización permite controlar visualmente o val do río Miño.

Conserva unha croa ou primeiro recinto circular de 100 m de diámetro, defendida por unha muralla perimetral; a defensa complétase, na metade meridional, con tres fosos e tres parapetos, coincidindo co acceso ao recinto, apreciándose o van ou posible porta de acceso. O resto do recinto ocupacional, agás esta zona meridional, ademais da muralla, deféndese por un parapeto.

O estado de conservación da croa e parte das estruturas defensivas é bo; porén, o aproveitamento forestal na contorna inmediata afectou ao sistema defensivo do sector norte, e o aproveitamento agrícola puido ocasionar alteracións ou incluso destrucións en parte do sistema defensivo.

O castro de Saa é propiedade municipal, e forma parte do catálogo de bens culturais incluídos no PXOM do concello da Pastoriza.

A corporación municipal creou un plan de actuación que valorice o patrimonio cultural do concello. Entre as actuacións para levar a cabo destaca o proxecto de posta en valor do castro de Saa, realizando varias campañas de escavación arqueolóxica con consolidación, completadas co mantemento, limpeza, protección, sinalización e divulgación do xacemento.

De acordo con este plan, desenvóléronse campañas de intervención no recinto ocupacional, croa, promovidas polo Concello da Pastoriza, desde o ano 2016, sendo na actualidade un xacemento que se pode visitar e un importante recurso turístico-cultural da comarca da Terra Chá. No ano 2024, colaborou a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, sendo promotora dunha campaña de escavación arqueolóxica.

As actuacións arqueolóxicas centráronse en dous sectores do xacemento, un ao leste onde se escavou unha área de 200 m², exhumándose un tramo da muralla, varias estruturas habitacionais e canalizacións a base de pedras fincadas; e un segundo sector situado ao suroeste, escavándose unha área de 300 m² onde se exhumaron outro tramo de muralla e unha construción rectangular con tres estancias. Entre os anos 2023 e 2024 iniciouse a escavación do acceso orixinal á croa, bastións dereito e esquerdo que definen a entrada ao recinto ocupacional.

O proxecto arqueolóxico que executamos no ano 2016 foi o inicio deste plan de valorización do xacemento arqueolóxico da Idade de Ferro. Autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, iniciouse o 26 de agosto do 2016 e rematou o 11 de outubro do 2016. Os resultados positivos tanto desde o punto de vista de exhumación de restos estruturais ocupacionais como da recuperación de restos ergolóxicos permiten continuar coa intervención arqueolóxica no xacemento para a súa posta en valor polo Concello da Pastoriza.



Fig. 1. Plano do castro, apreciándose a escavación na área iniciada no sector leste.

Realizouse unha intervención previa en tres sectores da croa: sur, norte e leste, escavando catro sondaxes valorativas, co obxectivo de realizar a escavación en área no sector que ofreceu mellores resultados desde o punto de vista de exhumación de restos construtivos.

Queremos sinalar que todos os sectores intervenidos achegan datos sobre a ocupación da croa do castro de Saa.

No sector sur, constatamos na escavación da cata 1 a conservación dun pavimento de arxila amarela con pedra pequena, moi compacta e horizontal que ten entre 5-15 cm de potencia, xa que cobre as irregularidades da rocha nai. É o paseo de ronda do recinto ocupacional entre a muralla e as habitacións.

No sector norte, a pesar de que a escavación da cata 4 non dá como resultado a exhumación de parte dalguna habitación, si nos indica que o sector do centro da croa tivo construcións castrexas de paredes de pedra e teito de material perecedoiro; a rocha sae a 30 cm no perfil sur, constatando o material construtivo e ergoló-

xico recuperado, a existencia dunha ocupación da que recuperamos datos, pero o afloramento da rocha, case en superficie, nesta cata, indica unha zona con escasas posibilidades de pertinencia de restos murarios *in situ*.

Igualmente, a escavación da cata 2, cunha profundidade máxima de 85 cm, non dá como resultado a exhumación de parte dalguna estrutura ocupacional, pero si nos indica a recuperación de derruba con pedra, argamasa e cerámica a proximidade desta.

No sector oeste escavamos ata 27 UE relacionadas coa exhumación de dúas estruturas de diferente momento construtivo, unha habitación galaico-romana completa e parte doutra construción, dous muros que continúan baixo os perfís sur e leste, anterior á habitación mencionada; as diferentes unidades estratigráficas relaciónanse coa derruba das construcións e reformas de pavimento da habitación galaico-romana. Esta exhumase completa e consiste nunha construción rectangular de esquinas redondeadas polo exterior e facendo ángulo polo interior; documéntanse dous pavimentos no interior da vivenda superpostos, o primeiro de argamasa amarela, moi compacto, con abundantes restos de carbóns e numerosos anacos cerámicos, ademais de útiles líticos, fusaiolas, pesas de tear, e pesos líticos procedentes do teito; este sería de pallabarro, xa que recuperamos algún anaco de barro, ademais do claro incendio do teito e dos pesos líticos de protección. O segundo pavimento, consecuencia do incendio e da reforma da vivenda, é de cor vermella, e mostra tamén restos de carbóns e abundante cerámica.

A construción presenta polo interior unha cimentación sobre pedras que fan un sobreasento moi irregular, situadas enriba de pedra que serven de recheo a un espazo que seguramente afonda bastante ata a rocha nai. Nesta intervención, non consideramos escavar ata o substrato rochoso, agardando a ampliar a intervención en área na seguinte campaña. Polo exterior, cara ao lado sur, a cimentación tamén presenta un sobreasento, situado sobre restos de derruba dunha construción anterior, pero o límite do espazo impide continuar escavando en profundidade ata ampliar en área a intervención.

Os muros exhumados da segunda construción, en dirección norte-sur e leste-oeste, forman parte dunha estrutura que continúa baixo os perfís sur e leste, e sitúase a un nivel inferior á habitación galaico-romana, sendo probablemente castrexa.

Entre o material ergolóxico recuperado, temos que destacar, neste pequeno espazo escavado, a abundancia de material cerámico, maioritariamente cerámica castrexa, ademais de cerámica común romana, así como a presenza de material construtivo romano como tégula e ladrillo. Destacaremos a recuperación de fusaiolas, pesas de tear, contrapesos do teito e un numisma.

A segunda campaña de escavación arqueolóxica con consolidación abrangue unha superficie de 50 m²; iniciouse o 19 de xuño e rematou o 28 de agosto do 2017.



Fig. 2. Planta co resultado das estruturas exhumadas, habitación de planta rectangular, muros en ángulo, estrutura de planta circular, canle e muralla.

Escávase no sector oeste da croa do castro, a continuación da estrutura ocupacional galaico-romana exhumada na campaña do ano 2016.

Estratigraficamente, baixo o manto vexetal herbáceo que cobre toda a superficie de escavación e que amosa unha potencia en profundidade de 15 cm e a terra vexetal, de cor marrón claro, de 20 cm de potencia, escávase ata 35 UE relacionadas coa exhumación de 4 elementos estruturais de diferente momento construtivo, que son parte dunha habitación en ángulo, parte dunha habitación circular, unha canle de auga ao longo da superficie escavada e 4 metros de muralla.

Exhúmanse catro estruturas (se engadimos a estrutura 1 exhumada na anterior campaña, son cinco as escavadas) de diferente momento construtivo, parte de dúas habitacións, unha de esquina en ángulo recto e outra de planta circular, unha canle de auga que percorre toda a superficie intervida, e 4 metros de muralla; as diferentes unidades estratigráficas relaciónanse

coas derrubas das construcións, as propias construcións e os pavimentos das habitacións. Recupérase abundante material arqueolóxico, fundamentalmente cerámica castrexa.

Estrutura 1. Habitación galaico-romana completa escavada na campaña anterior; consiste nunha construción rectangular de esquinas redondeadas polo exterior e facendo ángulo recto polo interior.

Os muros son de cachotaría, construídos por superposición de fiadas horizontais, facendo a ligazón das pedras con argamasa amarela, presentando tanto a cara interior como a exterior, os paramentos, ben rematados. Conservan os muros entre 8-11 fiadas de cachotaría.

O exterior do van da porta, aberto ao oeste, presenta unha derruba de pedras que semellan adoptar unha forma de banco exterior; a proximidade do perfil impide determinar a estrutura final, soamente a ampliación da escavación permitirá aclarar se se trata dun banco corrido exterior, semellante aos exhumados no castro de Formigueiros.

Estrutura 2. Dous muros dunha habitación de esquinas en ángulo recto, cuxa exhumación se iniciou na campaña anterior. Consta de dous muros que fan ángulo recto tanto no interior como no exterior; a súa construción con superposición de pedras de gran tamaño, de cachotaría irregular, é diferente da estrutura 1, habitación galaico-romana exhumada na campaña do ano 2016.

O muro norte, dirección oeste-leste, mide 2,30 m desde o ángulo recto e continúa baixo o perfil leste. Ten unha anchura de 54 cm.

O muro oeste, dirección norte-sur, mide 2,50 metros, o ángulo recto ata cerca do perfil sur. Está cortado a 1,15 metros do ángulo recto pola canle de auga. Estrutura 3, neste sector a canle que corta o muro consiste en pedras fincadas, grandes laxas de pedra en posición vertical, formada a parede norte por 5 laxas e a parede sur por outras 5 laxas, que continúa baixo o perfil oeste.

O interior da estrutura 2 conserva un pavimento de arxila amarela, ademais dun furado de poste de sección circular e diámetro de 22 cm cunha profundidade de 20 cm.

Estrutura 3. Canle de auga.

Exhúmase ao longo da superficie escavada unha canle de auga en dirección leste-oeste, que continúa baixo o perfil oeste e próximo á muralla, baixo o perfil norte.

É unha estrutura complexa, delimitada no sector leste, moi próximo á muralla, por dous muros, norte e sur, de cachotaría, por superposición de ata 5 fiadas conservadas, colocadas en seco; a parede norte complétase con grandes laxas de cuarcita fincadas verticalmente, pegadas ao muro norte de cachotaría reforzando o illamento que evita a perda de auga da canle. Neste sector leste consérvanse ata 4 metros de canle, dirección leste-oeste, desde a muralla ata o sector central da intervención. A altura, de 40 cm, vén definida polas pedras fincadas e o solo da canle, feito de laxas de cuarcita e lousa verde colocadas en posición horizontal. Conserva ata 7 lousas do solo ao longo de 1,90 metros, e ata 7 laxas de pedras fincadas neste sector.

A parede norte da canle continúa polo sector central da área de intervención, pero a parede sur, con pedras fincadas, está desaparecida; coincide cunha potente derruba de pedras procedente do perfil sur. A parede norte continúa coa mesma tipoloxía construtiva, muro de cachotaría completado con pedras fincadas, chegando ata o perfil oeste. Precisamente esta parte da canle serve de cimentación ao muro sur da estrutura 1, habitación galaico-romana, actuando a modo de sobreesento de cimentación.

A lonxitude da canle entre o sector central da área de intervención e o perfil oeste é de 6 metros. A lonxitude total conservada da canle é de 10 metros.

A estrutura da canle semella que, a partir do sector central da área de intervención, se bifurca: unha parte, como xa indicamos, continúa baixo o muro sur da estrutura 1 e outra parte rompe o muro oeste da estrutura 2, continuando baixo o perfil oeste.



Fig. 3. Canle de pedras fincadas, con tapas e chan de laxas, que continúa baixo a muralla.

Estrutura 4. Parte dunha construción de planta circular que continúa baixo o perfil sur. Exhúmase aproximadamente a metade da construción, que consiste nunha gabia semicircular cuberta de pedras fincadas ao longo da gabia, pedras de mediano e gran tamaño, que delimitan o espazo interior. Apréciase un pavimento de arxila amarela compactado con pedra miúda e mediana, dándolle unha consistencia e un grosor de 10-12 cm. Ao norte, no exterior da gabia, mantense parte dun pavimento de arxila amarela con pedra, continuación do interior da construción. Consérvase entre 1 metro e 60 cm, desaparecendo cara ao centro da superficie intervida, zona onde se detectaba unha potente derruba de pedras procedente do perfil sur.

O diámetro da construción é de 2,50 metros.

Estrutura 5. Muralla.

A parte da muralla exhumada localízase no sector leste da croa.

Exhúmanse 4 metros, dirección norte-sur, cunha anchura de 2,90 metros, apreciados no perfil sur, e 2 metros no perfil norte. A altura escavada é de 1,50 metros.

Construída en cachotaría de fiadas horizontais por superposición de pedras de diferente tamaño, pequenas, medianas e grandes, resultando un paramento interior irregular. As pedras están colocadas en seco.

Non se escava o paramento exterior, pero documéntase o interior do elemento defensivo, que consiste nun recheo de pedra pequena e mediana con terra.

O ancho escavado varía entre 2-2,90 metros, entre os perfís norte e sur.

A nova campaña de intervención arqueolóxica permitiu o rexistro dun numeroso conxunto de material cerámico atribuíble a producións castrexas e galaico-romanas, así como outros materiais mobles de interese arqueolóxico elaborados en diversas materias (líticos, metais, cerámica construtiva) nun volume moi aproximado ao recuperado na campaña realizada en 2016, constituíndo este aspecto o feito de que esteamos ante un xacemento cunha alta porcentaxe de achados en canto a materiais arqueolóxicos.

Desde un contexto moi xeral, a principal diferenza entre as dúas campañas de escavación (a de 2016 e a actual de 2017) é a relativa escaseza que se constatou na intervención actual dos elementos realizados en materias primas diferentes á cerámica, xa que non se documentaron apenas materiais líticos (fusaiolas e pesas de colmo), metálicos e cerámicos con outro uso máis que o servizo de cociña, mesa e almacenaxe (agás varios fragmentos de cerámica de construción como a tégula). Quizais este motivo veu motivado pola localización da área escavada, principalmente centrada en sectores exteriores á vivenda rexistrada durante a campaña de 2016 e na contorna da muralla do castro (rexistrada na campaña deste ano).

A terceira campaña de escavación iniciouse o 1 de xuño e rematou o 24 de xuño de 2018.



Fig. 4. Ampliación da escavación da campaña anterior apreciándose os 11 metros exhumados da muralla, a canalización, a vivenda de planta rectangular, a estrutura de planta circular e a estrutura de dous muros en ángulo recto.

A escavación en área no sector norte da croa ou recinto ocupacional realizada nos anos 2017-2018 achega novos e interesantes datos sobre a ocupación e o urbanismo do castro de Saa.

Exhúmanse cinco estruturas (se engadimos a estrutura 1, habitación galaico-romana exhumada na anterior campaña, son seis as escavadas) de diferente momento construtivo, parte de dúas habitacións, unha de esquina en ángulo recto e outra de planta ovada, un muro dunha habitación castrexa, unha canle de auga que percorre toda a superficie intervida, un sistema de drenaxe a base de pedras fincadas e 11 metros de muralla; as diferentes unidades estratigráficas, ata 71 UE (detectadas ao longo das intervencións), relaciónanse coas derrubas das construcións, as propias construcións e os pavimentos das habitacións. Recupérase abundante material arqueolóxico, fundamentalmente cerámica castrexa.

As estruturas documentadas como resultado das intervencións son as seguintes:

Estrutura 1. Habitación galaico-romana completa escavada na campaña anterior; consiste nunha construción rectangular de esquinas redondeadas polo exterior e facendo ángulo recto polo interior. O exterior do van da porta, aberto ao oeste, presenta unha derruba de pedras que semellan adoptar unha forma de banco ex-

terior. A proximidade do perfil impedía determinar a estrutura final; soamente a ampliación da escavación permitiu aclarar que se trata dun banco corrido exterior, semellante aos exhumados no castro de Formigueiros.

Estrutura 2. Dous muros dunha habitación de esquinas en ángulo recto, cuxa exhumación se iniciou na campaña anterior. Consta de dous muros que fan ángulo recto tanto no interior como no exterior; a súa construción con superposición de pedras de gran tamaño, de cachotaría irregular, é diferente da estrutura 1, habitación galaico-romana exhumada na campaña do ano 2016.

Estrutura 3. Canle de auga.

Exhúmase ao longo da superficie escavada unha canle de auga en dirección leste-oeste, que continúa baixo o perfil oeste e próximo á muralla, baixo o perfil norte.

É unha estrutura complexa, delimitada no sector leste, moi próximo á muralla, por dous muros, norte e sur, de cachotaría, por superposición de ata 5 fiadas conservadas, colocadas en seco; a parede norte complétase con grandes laxas de cuarcita fincadas verticalmente, achegadas ao muro norte de cachotaría reforzando o illamento que evita a perda de auga da canle.

Estrutura 4. Parte dunha construción de planta ovada que continúa baixo o perfil sur. Exhúmase aproximadamente a metade da construción, que consiste nunha gabia semicircular cuberta de pedras fincadas ao longo da gabia, pedras de mediano e gran tamaño, que delimitan o espazo interior. Apréciase un pavimento de arxila amarela compactado con pedra miúda e mediana, dándolle unha consistencia e grosor de 10-12 cm.

Estrutura 5. Muralla, recuperándose 11 metros do paramento interno.

A parte da muralla exhumada localízase no sector leste da croa.

Exhúmanse 11 m, dirección norte-sur, cunha anchura de 2,90 metros, apreciados no perfil sur, e 2 metros no perfil norte. A altura escavada é de 1,50 metros.

Construída en cachotaría de fiadas horizontais por superposición de pedras de diferente tamaño, pequenas, medianas e grandes, resultando un paramento interior irregular. As pedras están colocadas en seco.

Estrutura 6. Parte dunha construción castrexa, da fase II, concretamente un muro situado parcialmente baixo o perfil oeste, dirección norte-sur.

Estrutura 7. Un sistema de drenaxe a base de pedras fincadas, que se localiza en diferentes zonas da área escavada, relacionado sempre con estruturas ocupacionais.

Ademais das estruturas, e relacionados con elas, recuépanse diversos pavimentos.

A habitación galaico-romana utiliza un pavimento interior e dous exteriores, situados respectivamente ao leste e oeste; o situado ao oeste, oposto á porta de acceso, presenta a ambos os lados do van dous furdos de poste, relacionados cunha estrutura de madeira tipo soportal; o situado ao leste está roto pola derruba procedente da muralla.

A estrutura 2 ten un pavimento interior de arxila amarela con pedra, moi compacto, que está roto polas construcións posteriores relacionadas coa habitación galaico-romana. Baixo este pavimento e a derruba asociada a estruturas castrexas, aparece un pavimento de pedra miúda con arxila, moi compacto, da fase II, etapa castrexa do xacemento. Consideramos, cos datos de que dispoñemos como resultado das intervencións realizadas, e á espera de completalos cunha nova escavación en área, que documentamos tres momentos de ocupación no castro de Saa: o primeiro, fase I; o segundo, fase II; e o terceiro sería a etapa galaico-romana.

A fase I estaría relacionada coa estrutura 4, construción de planta ovada que continúa baixo o perfil sur, da que exhumamos a metade da construción que consiste nunha gabia semicircular cuberta de pedras fincadas ao longo da gabia, pedras de mediano e gran tamaño, que delimitan o espazo interior. Non hai material ergolóxico relacionado con esta fase, ata a ampliación da escavación en dirección sur.

A fase II está ben documentada, como indicamos no estudo do material cerámico castrexo recuperado nas dúas intervencións realizadas, e relacionamos esta fase coas estruturas 2, 3, 5 e 7. A estrutura 2, parte dunha habitación, dous muros con esquina en ángulo recto tanto no interior como no exterior, construído con superposición de pedras de gran tamaño, de cachotaría irregular, moi diferente da estrutura 1. A estrutura 3, a canle; a estrutura 5, a muralla; e a estrutura 7, o

muro castrexo e o pavimento. Consideramos que nesa fase se levanta a actual muralla, sendo do mesmo momento construtivo a canle e a estrutura 2. Semellaba en principio que a canle rompía o muro norte-sur da estrutura 2, pero constatamos que as laxas fincadas da canle se apoian en ambos os lados da cimentación da estrutura 2, non o cortan; ademais, hai laxas de pedra fincadas apoiadas no paramento interior do muro leste-oeste. Cremos que se levantan as estruturas no mesmo momento, a cimentación da habitación e a canle, coas súas laxas fincadas e as tapas, e todo o conxunto estaría soterrado baixo o pavimento interior da habitación. A fase III, tamén suficientemente documentada con material cerámico castrexo e galaico-romano, relacionámolo coa estrutura 1, habitación galaico-romana, construción rectangular de esquinas redondeadas polo exterior e facendo ángulo recto polo interior recuperada na campaña do ano 2016, co seus pavimentos interiores e exteriores, o seu sistema de drenaxe e furos de poste relacionados coa estrutura de madeira tipo soportal.



Fig. 5. Habitación galaico-romana co van de acceso, restos de lareira e pavimento interior.

A cuarta campaña de escavación iniciouse o 21 de marzo de 2019 e rematou o 15 de abril dese ano.



Fig. 6. Plano do castro onde se aprecian os tres sectores de escavación: leste, suroeste e o sector en que se exhumou o alxibe.

Segundo co obxectivo de investigación e posta en valor do castro de Saa, considerou o goberno municipal, de acordo co equipo de traballo, realizar a campaña do ano 2019 no sector de entrada ao xacemento. Son dous os obxectivos desta campaña:

1.º- Recuperar o pozo ou alxibe do castro, situado na zona superior da croa. Diante da recuperación no sector norte escavado, dun extenso sistema de drenaxe de auga, así como da longa canle recuperada, consideramos necesaria a exhumación do pozo, a súa relación con estas estruturas e a súa adscrición cronolóxica e cultural. Para acadar este obxectivo, realizamos primeiro unha cata de 3x3 metros, 9 m², que foi necesario ampliar a 25 m².

2.º- Exhumar o paramento interno da muralla na zona da entrada, co obxectivo de definir en futuras campañas o acceso orixinal ao recinto ocupacional e comprobar o estado de conservación de posibles estruturas ocupacionais, así como a súa adscrición cronolóxica e cultural neste sector da croa. Para conseguir este obxectivo, realizamos un corte de 4x10 metros (40 m²) que foi necesario ampliar a 12x6 metros.

As estruturas documentadas como resultado das intervencións son as seguintes:

Sector muralla

Escavamos os seguintes elementos estruturais:

Estrutura 1. Paramento interior da muralla, construído con cachotaría de fiadas horizontais, con pedras de diferente tamaño, resultando un aparello irregular.

Estrutura 2. Vivenda galaico-romana. Cinco muros dunha construción da que se exhuman parcialmente dúas habitacións, con muro medianeiro e porta ou van de acceso á habitación 1, soleira e chanzo de escaleira para acceder ao interior. A habitación 1, da que se recuperan parcialmente dous muros (muro 1 dirección norte-sur, e muro 2 dirección leste-oeste) e a porta, así como o muro medianeiro (muro 3, dirección norte-sur), está acaroadada á muralla. A habitación 2, separada polo muro medianeiro, localízase no extremo norte da escavación, a continuación do van, exhumándose parcialmente dous muros (muro 3, medianeiro, dirección norte-sur, e muro 4 dirección leste-oeste) que continúan baixo os perfís norte e sur.

O pavimento interior da vivenda galaico-romana está localizado no interior da habitación 1; está feito con arxila amarela moi compacta e limpa, entendéndose pola habitación, roto cara á zona central, afectándolle a potente derruba procedente dos muros.

Unha estrutura de pedras fincadas está documentada na habitación 2. As pedras fincadas aséntanse en forma circular, conservándose un cuarto de círculo. Non están delimitando unha lareira porque non hai restos de lume, arxila vermella e carbóns. Semella relacionada coa drenaxe de auga.

Exhúmase a soleira do van da porta de acceso ao interior da habitación da vivenda galaico-romana, con dous chanzos de escada para baixar desde o exterior da construción. Está construída con grandes laxas cara ao exterior e laxas de mediano tamaño cara ao interior, á mesma cota que o pavimento da habitación 1.

Estrutura 3. Muro 5. Parte dun muro en dirección norte-sur, roto polo extremo norte pola construción do muro 2, dirección leste-oeste da habitación 1, vivenda galaico-romana; continúa baixo o perfil sur e vai paralelo á muralla, cunha pequena separación entre eles que permite o paso para acceder a través dunhas escaleiras á estrutura defensiva. Muro da mesma cronoloxía que a muralla, da primeira fase de ocupación do castro. Construído en cachotaría de fiadas horizontais, a primeira fiada aséntase sobre un zócolo de cimentación, apreciándose ata dúas fiadas; non é posible continuar

a escavación en profundidade pola escaseza de espazo entre paramentos das estruturas. Ten o mesmo sistema construtivo que a muralla, colocando as pedras en seco, sen argamasa.

O zócolo de cimentación do muro 5, estrutura 3, dirección norte-sur, está cortado polo extremo norte polo muro 2 da habitación 1, estando cuberto pola derruba da muralla.

Muro 6. Parte dun muro circular, dirección norte-sur, cortado polo muro 4 da habitación 2 da vivenda galaico-romana, que continúa baixo o perfil sur. Construído en cachotaría de pedras horizontais, ligando as pedras das fiadas con argamasa amarela. Sitúase baixo a terra vexetal.

Sector Alxibe

Parte dunha estrutura, muro 1 dirección leste-oeste.

Parte dunha estrutura, muro 2, dirección norte-sur.

Parte dunha estrutura, muro 3 que apenas se ve, sendo necesario ampliar a escavación para a súa exhumación.

Estes muros están delimitando os tres tanques ou alxibes de auga que se escavaron parcialmente, sen retirar a terra colmatada e sen definir a forma e o fondo ou profundidade.



Fig. 7. Plano do castro cos tres sectores: leste, alxibe e suroeste con parte da vivenda exhumada.

A quinta campaña iniciouse o 1 de xuño de 2020 e rematou o 3 de xullo dese ano.

Realizouse na área de entrada ao xacemento, continuando os traballos no sector da muralla e no sector da vivenda galaico-romana parcialmente escavada no ano 2019.

Foron os obxectivos desta campaña:

1- Escavación en área de 80 m² para recuperar en extensión e profundidade as estruturas construtivas parcialmente escavadas na campaña anterior, así como exhumar novas estruturas ocupacionais.

2- Definir, coa ampliación da escavación, os momentos de ocupación do castro de Saa, remate da fase I ou inicio da fase II da cultura castrexa, detectada e relacionada coa construción da muralla e coas estruturas parcialmente escavadas neste sector do xacemento e a fase III, etapa galaico-romana, continuando a exhumación da vivenda parcialmente escavada na campaña anterior.

A exhumación do paramento interno da muralla na zona da entrada ten como obxectivo, ademais do seu valor patrimonial e investigador para profundar no coñecemento dos valores estruturais do xacemento castrexo, definir en futuras campañas o acceso orixinal ao recinto ocupacional e comprobar o estado de conservación de novas estruturas ocupacionais, así como a súa adscripción cronolóxica e cultural neste sector da croa.

Exhúmanse 17 estruturas da vivenda galaico-romana e a continuación do paramento interno da muralla.

Entre a campaña de escavación do ano 2019 e a actual exhúmanse oito muros dunha vivenda definida estruturalmente por tres habitacións, con muros medianeiros e catro portas ou vans de acceso entre estancias, soleira, chanzo de escada para acceder ao interior, pavimentos das habitacións e lareira.

A habitación 1, da que se recuperan entre as dúas intervencións (anos 2019 e 2020) catro muros, norte (medianeiro coa habitación 3), sur, leste (medianeiro coa habitación 2) e oeste acaroado ao paramento interior da muralla, así como a porta de acceso á estancia 1.

A habitación 2, da que se recuperan entre as dúas intervencións tres muros, sur, oeste (medianeiro coa habitación 1) e leste, ademais do van ou porta 2 de comunicación coa habitación 1 e o van ou porta 4 de acceso desde o exterior ao interior da estancia.

Habitación 3, recupéranse tres muros, muro oeste, acaroado ao paramento interior da muralla, muro sur medianeiro coa habitación 1, e o muro leste que remata no van ou porta 3 de comunicación coa habitación 2.

A estrutura 2, vivenda galaico-romana, mide, rematada a escavación, 6,46 metros de norte a sur e 4,06 metros de leste-oeste; en total en planta, 26,22 m². Consideramos, dada a anchura dos muros e os metros cadrados escavados, que a vivenda tería baixo e un piso superior, en total 52,44 m², á espera de completar a recuperación das habitacións 2 e 3.

A definición estrutural da vivenda galaico-romana, ata que se complete a súa exhumación, é de planta rectangular con tres habitacións.

A habitación 1 está completamente recuperada, definida por catro muros co seu van 1 de acceso desde o exterior e o seu pavimento interno. Recupérase no seu interior material cerámico, *terra sigillata*, cerámica común, bronzes, líticos, tendo unha función doméstica. Comunícase a través do van 2 coa habitación 2.

A habitación 2, definida por tres muros, seu pavimento interno, un van de comunicación coa habitación 3 e un van de acceso ao empedrado exterior. Está parcialmente escavada, continuando os seus muros baixo o perfil

norte. A súa forma rectangular, alongada, permite apreciar unha funcionalidade a modo de vestíbulo ou patio comunicado coas outras dúas habitacións. Recupérase material cerámico, lítico, entre outros un muíño.

A habitación 3 está parcialmente escavada; os muros que a definen continúan baixo o perfil norte. A lareira recuperada no seu interior, sobre o pavimento, así como a recuperación de tres muíños e abundante cerámica indican unha funcionalidade de cociña.



Fig. 8. Escavación da vivenda.



Fig. 9. Escavación da lareira e muíños.



Fig. 10. Paramento interior da muralla co recheo interior e muro da vivenda acaroado.

A sexta campaña iniciouse o 7 de xuño e rematou o 16 de xullo de 2021.



Fig. 11. Planta da vivenda completada a exhumación, coas diferentes estancias, e muralla.

O obxectivo desta campaña é a escavación en área de 100 m² para recuperar en extensión e profundidade as estruturas construtivas parcialmente escavadas na campaña anterior, así como exhumar novas estruturas habitacionais. Continúase coa escavación da muralla.

O obxectivo proposto cumpriuse, pois exhumáronse 7 metros do paramento interior da muralla, rematouse a exhumación completa da vivenda galaico-romana, recuperando parte dunha estrutura doméstica circular e outra ovada, ademais dun pavimento de arxila pisada e dous empedrados de diferente momento cronolóxico.

A cultura material documentada nesta campaña é representativa do material recuperado ao longo de todas as intervencións. Rexistráronse un total de 1.948 pezas, entre as que destacan cuantitativamente o material cerámico con 1838 fragmentos (95 %); maioritariamente recuperouse material de tradición indíxena, material galaico-romano e importacións romanas. Despois de tratar os materiais, seleccionáronse un total de 316 pezas do xacemento. Entre as formas cerámicas sobresaen os 300 bordos, os 145 colos, as 1.205 panzas, os 151 fondos e as 8 asas. Conxuntamente, obsérvase escasa representación do material decorado fronte á cerámica lisa, pois os fragmentos decorados unicamente representan un 4,32 % do total e o 15,8 % en relación co material seleccionado (42 fragmentos).

No tócate ao material construtivo, recuperáronse 43 fragmentos de tégula. A maior parte dos elementos recuperados foron recollidos e outorgóuselles sigla.

Do material metálico, recuperáronse 27 pezas, gran parte das cales presentan moi malas condicións. Destaca a aparición do machado/aixola de bronce (CS/2021/M/01) polo excepcional do seu achado e tamén pola boa conservación que presentaba. Mais gran parte dos restos metálicos trátase de ferro oxidado, varretas de bronce, etc.

Seguidamente, recuperáronse un total de 14 útiles líticos (0,71 %): 1 peso, 3 muíños de granito (muíños circulares), así como 3 alisadores ou afiadores e catro fusiolas. Tamén se documentan 5 fragmentos de bordo e barriga de vidro e unha doa realizada en pasta vítrea (CS/2021/V/06).

Por último, o grupo dos elementos óseos/malacofauna, con 2 pezas, supón o 1 % do total.

En canto á distribución do material cerámico por unidades de rexistro, destaca a presenza da cerámica de importación (fragmentos de (TSH) *terra sigillata* hispánica e de paredes finas tipo Melgar) e galaico-romana na UR03, nas UE 09 e 20 principalmente. A cerámica de tradición indíxena e galaico-romana tamén aparece máis dispersa polo xacemento.

Debemos mencionar que a cerámica presenta unha gran fragmentación, dispersión e rodamiento. Tamén hai que ter en conta que o material poida que non estea *in situ*, aínda que é probable que o material fose recuperado relativamente preto da súa posición orixinal, polo que seguramente estivese *in loco* e non fose remobilizado en exceso.

En particular, para a cerámica protohistórica englobamos nela as tres grandes categorías cerámicas analizados ao longo do texto: cerámica de tradición indíxena, galaico-romana e de importación romana. Esta ofrécenos unha cronoloxía relativa que se pode deducir en parte polos seus trazos formais. Pódese destacar que hai un control das diferentes fases dos procesos de produción desde o tratamento da materia prima ata o preciso momento en que o recipiente sae do forno. Na cerámica galaico-romana documéntase unha maior preocupación na fase de preparación da materia prima e no acabado dos recipientes respecto á produción de tradición indíxena. Polo que se refire á cerámica de importación, documentouse vaixela de *terra sigillata* hispánica, de cerámica común romana e de paredes finas tipo Melgar; estes recipientes estarían destinados seguramente a servizo de mesa.

No tocante á decoración, obsérvase certa variabilidade nas técnicas empregadas e a utilización de distintas combinacións entre elas. Destaca porcentualmente o uso da decoración plástica, a incisión e impresa, onde esta última é a que ofrece a maior variabilidade de elementos e motivos decorativos, observando singularidades decorativas en case cada recipiente, sen chegar a repetirse o esquema decorativo en máis de dous cacharros.

Igual que en campañas anteriores, temos certo grao de coherencia coa información de partida para as cerámicas da Idade de Ferro das fases II e III. Dentro da olaría castrexa, constátase o mantemento de olas de bordo arestado (tanto da fase II como da fase III) e os bordos tipo Cameixa. É importante tamén a presenza de cerámicas procedentes de Lucus Augusti, como

son os cuncos L19, e a presenza de materiais como os fragmentos de pezas de *terra sigillata* hispánica ou de cerámica común romana e de paredes finas tipo Melgar. Polo tanto, a cerámica de tradición indíxena da fase III, as producións cerámicas de Lucus Augusti, as de importación (TSH e paredes finas tipo Melgar) e os fragmentos de vidro sinalan un período cronolóxico que comprende o cambio de era (s. I a.C.-I d.C.) ate as primeiras décadas da segunda centuria, cunha predominancia de producións datables en época preflavia e flavia.

En relación coa función da cerámica, pódese afirmar que, no caso das de tradición indíxena e da galaico-romana, é de carácter doméstico, principalmente de servizo de mesa e de cociña, contabilizándose tamén elementos de almacenaxe. No caso da cerámica de importación, como xa mencionamos antes, constatouse a existencia de recipientes destinados ao servizo de mesa, como son a *terra sigillata* hispánica (TSH) ou as paredes finas tipo Melgar, aínda que a presenza deste tipo de material é cuantitativamente anecdótica neste xacemento.




Fig. 12. Machado atopado entre a derruba da muralla.



Fig. 13. Fragmentos de TSH.




Fig. 14. Paredes finas.




Fig. 15. Cuncas.




Fig. 16. Olas.



Fig. 17. Decoradas.

A sétima campaña realizouse a principios do ano 2024, baixo a dirección da arqueóloga Vanesa Trevín Pita, e centrouse na escavación do acceso ao recinto habitacional, segundo se entra á esquerda, exhumándose parte do bastión esquerdo e do empedrado do acceso á croa.

A oitava campaña realizouse entre o 10 de xuño e o 5 de xullo de 2024.



Fig. 18. Imaxe aérea onde se aprecia o sector leste e o sur-suroeste cos bastións esquerdo e dereito exhumados definindo o acceso á croa.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, promotor da intervención, de acordo coa dirección do equipo de traballo, e seguindo co obxectivo de investigación e posta en valor do Castro de Saa, considerou realizar a campaña deste ano 2024 na área de entrada ao xacemento, escavación arqueolóxica en área dunha superficie duns 70 m², para realizar no sector sur do castro, coa finalidade de exhumar o bastión defensivo dereito da entrada principal á croa do castro (segundo se accede ao recinto), continuando coa exhumación da muralla descuberta nas campañas dos anos 2019-2022, o bastión defensivo esquerdo, campaña 2024 (segundo se accede ao recinto) que define o acceso, e o empedrado orixinal.

A exhumación do paramento interno da muralla e bastións defensivos, a definición do acceso orixinal ao recinto habitacional da croa, ten como obxectivo, ademais do seu valor patrimonial e investigador, profundar no coñecemento dos valores estruturais do xacemento castrexo.

Os obxectivos propostos cumpríronse, exhumándose 10 metros do paramento interior da muralla e a curva do bastión defensivo dereito, en moi bo estado de conservación, que permitirá reproducir a estrutura do bastión defensivo esquerdo, parcialmente destruído, como se puido comprobar na intervención anterior realizada a principios do ano 2024. Non obstante, será ne-

cesario completar a escavación do bastión dereito ata o paramento exterior da muralla, así como escavar o paramento exterior da muralla ata o bastión esquerdo antes de pensar noutro tipo de traballo arqueolóxico.

A campaña permitiu tamén recuperar o pavimento empedrado, vía pétrea de comunicación entre as estruturas habitacionais da croa do castro, en excelente estado de conservación.



Fig. 19. Muralla exhumada e curva do bastión dereito.



Fig. 20. Vista da muralla coa curva do bastión e o empedrado.



Fig. 21. Acceso á croa entre os bastións esquerdo e dereito.

O material ergolóxico recuperado confirma unha cronoloxía entre as fases II e III da cultura castrexa.

O número de pezas sigladas ascendeu ata as 79 pezas. Supón unha cantidade menor que as rexistradas nas anteriores campañas, pero son ben significativas do mesmo momento histórico que se constata no sector escavado. A esta cantidade de pezas sigladas individualmente habería que engadirle as pezas cerámicas —de uso doméstico— sigladas conxuntamente (que ascenden a 103 pezas en 5 conxuntos), facendo un total de 177 pezas recuperadas (entre cerámicas, cerámicas de uso construtivo, lítico, vidro, óseo e metal).

A cerámica de uso doméstico supón un 90 % do total, cun número de 71 siglas (sen ter en conta o número total de fragmentos siglados de forma conxunta), o que indica a súa clara predominancia dentro do material arqueolóxico.

O seguinte grupo en contía é o lítico (co 8 %), contabilizando seis pezas sigladas. Documentáronse dúas pequenas pezas identificadas como fichas de xogo, un alisador ou puidor e tres xistos con rebaixas de diferente morfoloxía.

Finalmente, temos a cerámica de uso construtivo (un fragmento de tégula) e o metal (unha escoura) representadas só por unha única peza, constituíndo cada tipo de material o 1 % do total dos materiais recuperados.



Fig. 22. Fichas de xogo.



Fig. 23. TSH Forma 29. CSAA-24/297/CER-4 (UE 003).



Fig. 24. TSH Forma 27. CSAA-24/297/CER-63/64/65/66/67/68 (UE 006).



Fig. 25. Vista frontal e superior de cunco carenado de bordo moldurado CSAA-24/287/CER-5-6-7-8-9 (UE 003).

Agradecementos

O meu agradecemento ao longo destas oito campañas de escavación arqueolóxica con consolidación para a posta en valor do castro de Saa na Pastoriza a todo o persoal que colaborou nos traballos arqueolóxicos, especialmente aos arqueólogos Xosé Ramón Martínez Casal, que estudou o material ergolóxico procedente de todas as campañas, sendo o autor dos debuxos e fotografías, a Xaquín Ferrer Cruz, Vanesa Trevín Pita, Manuel Anxo López Felpeto, Xurzo Broz, Víctor García Piñeiro, Fátima Sánchez Blanco e Santiago Vázquez Collazo; ao técnico de dron autor da fotogrametría, fotografía aérea, 3D e vídeos divulgativos Alejandro Ramil Blanco; e moi especialmente ás auxiliares de escavación Mónica Legaspi Torre e Macarena Teijido Ferreiro. Finalmente, aos equipos de goberno do Concello da Pastoriza promotores das sucesivas intervencións.

Bibliografía

Aboal Fernández, R., Ayán Vila, X. M. e Prieto Martínez, M. P. (2002). *Arqueología en la ACEGA 1: el yacimiento galaico romano de Agro de Ouzande (Silleda, Pontevedra)*. CAPA (Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio), 16, Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.

Aboal Fernández, R., Ayán Vila, X. M. e Prieto Martínez, M. P. (2003). *Arqueología en la ACEGA 2: el área Arqueolagrógica de O Peto (Vedra, A Coruña)*. CAPA (Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio), 17, Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.

Aboal Fernández, R. e Castro Hierro, V. (2006). *O castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra)*. Noia.

Alcorta Irastorza, E. J. (2001). *Lucus Augusti II. Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad, Lugo*.

Alonso Toucido, F., Prieto Martínez, M. P. E Rodríguez Resino, A. (2013). Cerámica en Silos. Contextos medievais e modernos na rúa do Franco n.º 31, *Gallaecia*, 32, pp. 215-248.

Ayán Vila, X. M. (2005). *Os castros de Neixón*. Toxosoutos, Noia.

Beltran Lloris, M. (1990). *Guía de la cerámica romana*, Zaragoza.

Bermejo Tirado, J. (2011). La cerámica común de mesa, cocina y despensa en el Alto Duero durante el período Bajoimperial: un ensayo de clasificación. *Espacio, Tiempo y Forma, Serie I, Prehistoria y Arqueología*, 4, pp. 337-358.

Cano Pan, J. A. e Gómez Filgueiras de Brague, F. (2010). El yacimiento de Punta de Muros: un poblado de producción metalúrgica en el NO de la Península Ibérica. *Anuario Brigantino*, 33, pp. 27-56.

Carballo Arceo, L. X. (1997). Excavación dos castros do Marco e de Cartimil no val do Deza, *Gallaecia*, 16, pp. 231-264.

Cobas Fernández, I. e Prieto Martínez, M. P. (1998a). *Criterios y convecciones para la gestión y el tratamiento de la cultura material mueble*. CAPA (Criterios e Convencións en Arqueoloxía da Paisaxe), 7, Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.

Cobas Fernández, I. e Prieto Martínez, M. P. (1998b). Regularidades espaciales en la cultura material: la cerámica de la Edad del Bronce y la Edad del Hierro en Galicia. Santiago de Compostela, *Gallaecia*, 17, pp. 151-175,

Cobas Fernández, I. e Prieto Martínez, M. P. (1999). *Introducción a la Cerámica Prehistórica y Protohistórica en Galicia*. TAPA (Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe), 17, Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais.

Cobas-Fernández, I. e Prieto Martínez, M. P. (2001). La cadena tecnológica operativa como una herramienta teórica y metodológica. Una perspectiva desde los planteamientos de la Arqueología del Paisaje. Santiago de Compostela. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XL-VIII, pp. 9-27.

Cobas Fernández, I. e Parcer Oubiña, C. (2006). *Alto do Castro (Cuntis, Pontevedra). Síntesis de resultados y estudio de materiales, campaña 1993*. Tapa (Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe), 37, Santiago de Compostela: Laboratorio de Formas Culturais (USC).

Fernández Fernández, A. (2008). Cerámicas del mundo castrexo del NO Peninsular. Problemática y principales producciones. Universidad de Cádiz. *Cerámicas hispanorromanas, un estado de la cuestión*, pp. 221-243.

Fernández Fernández, A.; Valle Abad, P. e Vázquez Fernández, L. (2014). La cerámica galaico-romana de Armea (Allariz). Monte do Señorío y Castro de Armea. *Monografías Ex Officina Hispania II. As produções cerâmicas de imitação na Hispania*. Oporto. vol. I, pp. 281-301.

González Ruibal, A. (2006-07). Galaicos. Poder y comunidad en el noroeste de la Península Ibérica (1200 a. C.-50 d. C.). *Brigantium*, 18, A Coruña.

Guimarey, B. (2014). Integración de información geológica en un Sistema de Información Geográfico con objetivos arqueométricos. Santiago de Compostela, *Gallaecia*, 33, pp. 7-37.

Hidalgo Cuñarro, J. M. (1985). *Castro de Troña: Ponteareas-Pontevedra: Campaña 1983*. Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Monumental, Santiago de Compostela.

Isings, C. (1957). *Roman glass from dated finds*. Groningen, Djakarta: J. B. Wolters.

Naveiro López, J. (1991). El comercio antiguo en el NW peninsular. *Col. Monografías Urxentes do Museo*, 5. Museo Arqueolóxico, A Coruña.

Orero Grandal, L. (1988). *Castro de Coto do Mosteiro. Campañas 1984/1985*. Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Monumental, Santiago de Compostela.

Orton, C., Tyers, P., Vince, A. (1997). *La cerámica en Arqueología*. Crítica. Barcelona.

Parga Castro, A., Prieto Martínez, M.P, e Sánchez Blanco, Fátima. (2016). Datación de un yacimiento no fortificado de la Edad del Hierro en Galicia: El caso de O Cepo (San Cibrao das Viñas, Ourense). Barcelona, *Ibercrons*, pp. 260-271.

Pérez Pérez, C., Porto Tenreiro, Y., e Torre Castro, C. (2010). Conjunto de cuentas de ‘pasta vítrea’ del museo do castro de Viladonga. En: *CROA*, n.º 20.

Picón Platas, I. (2008). Unha aproximación a través do C14 a cronoloxía Castrexa. Santiago de Compostela, *Gallaecia*, 27, pp. 155-177.

Prieto Martínez, M. P. (1990). Caracterización del estilo cerámico de la Edad del Bronce en Galicia: cerámica Campaniforme y cerámica no decorada. *Complutum*, 10, pp. 17-90.

Prieto Martínez, M. P. (2001). *La cultura material cerámica en la Prehistoria Reciente de Galicia: Yacimientos al aire libre*. Tapa (Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe), 20. Santiago de Compostela: Laboratorio de Formas Culturais (USC).

Prieto Martínez, M. P. (2008). Proposta metodológica para el estudio de la cerámica prehistórica. *Cota Zero*, 23, pp. 87-99.

Prieto Martínez, M. P. e Criado Boado, F. (2010). Re-construyendo la historia de la comarca del Ulla-Deza (Galicia, España). Escenarios arqueológicos del pasado. *Tapa (Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe)*, 41, Santiago de Compostela: Laboratorio de Formas Culturais (USC).

Ramundo, P. S. (2010). Cerámica y procesos sociales: implicaciones metodológicas para su estudio en la Quebrada de La Cueva, Humahuaca, Jujuy [en liña], *Temas de historia argentina y americana*, 17, pp. 181-198. Recuperado de <http://bibliotecadigital.uca.edu.ar/repositorio/revistas/ceramica-procesos-sociales-implicaciones-metodologicas.pdf> [Data de consulta: 30/6/2018].

Rey Castiñeira, J. (1980). Notas sobre algunhas pezas singulares da cerámica castrexa. Santiago de Compostela, *Gallaecia*, 6, pp. 117-120,

Rey Castiñeira, J. (1986-87). Algunas consideraciones sobre cerámica castreña. *Zephyrus: Revista de prehistoria y arqueología*: 39-40, pp. 185-192.

Rey Castiñeira, J. (1990-1). Cerámica indígena de los castros costeros de la Galicia Occidental: Rías Bajas. Valoración dentro del contexto general de la Cultura Castreña. Vigo, *Castrelos*, III-IV, pp. 141-163,.

Rey Castiñeira, J. (1991). *Yacimientos castreños de la Vertiente Atlántica: análisis de la cerámica indígena. Tesis doctoral publicada en microficha (n.º 185)*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela.

Rey Castiñeira, J. (2014). A olaria castreja de tradição Minho. *As produções cerâmicas de imitação na Hispania, Atas do II congresso internacional da SECAH*. Braga, pp. 289-302.

Rey Castiñeira, J. e Soto Arias, P. (2002). Estudio preliminar del análisis físico-químico aplicado a la cerámica castreña: vertiente atlántica gallega. Santiago de Compostela, *Gallaecia*, 21.

Río Canedo del, V., Ferreiro Diz, O. E Alonso Toucido, A. (2016). Ajuar doméstico en las mesas compostelanas de época medieval: madera y cerámica como caso de estudio. Santiago de Compostela. *Estudo de Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga: achegas dos novos investigadores*, pp. 425-438.

Xusto Rodríguez, M. (2001). *O vidro provincial galaicorromano*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.